

14

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

10 ou máis participantes
15 minutos

Xogo de roda

Expresividade Verbal. escoita activa. Creación de grupo

E SE FOSE QUE SERÍA...

MATERIAIS

Non precisa materiais.

ESPAZO

Espazo para estar sentados/as en roda.

DESCRIPCIÓN

O xogo consiste en adiviñar o nome dunha persoa que todos coñezan. Fanse cando menos dous grupos e cómpre adiviñar a identidade das persoas mediante preguntas do tipo: -Se fose unha cor, que cor sería? -E se fose un instrumento musical? -E se fose unha estación? -E se fose un animal? O xogo explora as relacións (metáforas, metonimias...) entre as cousas que se preguntan e as persoas polas que se pregunta. Pode ser moi creativo, tamén serve para testar o “sentido do humor” ou grao de “respecto mútuo” dentro dun grupo.

OBSERVACIÓNS

Pode indicarse un número máximo de preguntas, ou xogar ata a fin. Pode subliñarse a conveniencia de utilizar palabras agradables, se se cre necesario.

